

Obxectivos:

A Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (en diante, LCSP) trata de garantir que a contratación pública se axuste aos principios de liberdade de acceso ás licitacións, publicidade e transparencia dos procedementos e non discriminación e igualdade de trato entre os licitadores e asegurar, entre outros, a adquisición de bens e a contratación de servizos mediante a esixencia da definición previa das necesidades para satisfacer, a salvagarda da libre competencia e a selección da oferta economicamente máis vantaxosa.

As condutas colusorias en virtude do artigo 1 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia (en diante, LDC), son calquera tipo de acordo, decisión ou recomendación colectiva, ou práctica concertada ou conscientemente paralela, que teña por obxecto, produza ou poida producir o efecto de impedir, restrinxir ou falsear a competencia.

Os artigos 69.2 e 150.1 LCSP fan referencia á obrigaón que ten, con carácter previo á adxudicación do contrato, o órgano de contratación de trasladar os indicios fundados de condutas colusorias que poidan darse no seo de licitacións.

A LCSP pon ao dispor das administracións públicas licitadoras vías para comunicar ás autoridades de competencia condutas colusorias (artigos 132 e 150).

Persoas destinatarias:

Esta actividade está dirixida ao persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, da Administración autonómica galega, das súas entidades públicas instrumentais e da Administración institucional; da Administración local; da Administración de xustiza; das universidades do Sistema universitario de Galicia; así como profesionais e persoas interesadas en xeral.

Convocatoria:

DOG núm. 102, do 30 de maio de 2025.

Lugar de desenvolvemento:

Escola Galega de Administración Pública (EGAP).

Rúa Madrid, 2-4. Santiago de Compostela.

Información:

Teléfonos: 981 546 239/ 981 546 241

Correo: novas.egap@xunta.gal / Web: <https://egap.xunta.gal>

Matrícula:

egap.xunta.gal/matricula

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Xornada

O procedemento do artigo 150 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP)

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2025



Comisión Galega
da Competencia



ESCOLA GALEGA
DE ADMINISTRACIÓN
PÚBLICA

Venres, 13 de xuño de 2025

09:30 h. Acreditacións e recollida de documentación.

10:00 h. Presentación e relatorio.

Ignacio López-Chaves Castro.

Presidente da Comisión Galega de Competencia.

A Contratación pública e a defensa da competencia

11:00 h. **Daniel Neira Barral.**

Vogal da Comisión Galega da Competencia.

A articulación dos procedementos dos artigos 132 e 150 da Lei de Contratos do Sector Público (LCSP)

12:00 h. Pausa-café.

12:30 h. **Jesús Lamas Barja.**

Subdirector xeral de Investigación da Comisión Galega da Competencia.

Estudo de casos reais presentados ante a Comisión Galega da Competencia

13:30 h. **Tomás Otero Ferreiro.**

Presidente do Tribunal administrativo de Contratación Pública de Galicia (TACGal).

O ámbito de actuación do TACGal en relación coa competencia

14:30 h. Clausura institucional.



Coordinación:

[Anxo Varela Hernández.](#)

Profesor de Dereito Administrativo.

Universidade de Santiago de Compostela (USC).

NOTA:

Por motivos alleos á EGAP, este programa pode sufrir algunha variación.

As actualizacións pódense consultar na páxina web da Escola: <https://egap.xunta.gal>